



AADD de Galicia



FEDERACIÓN DE SERVICIOS

A TODOS OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO SECTOR DA SEGURIDADE PRIVADA

Os sindicatos CIG e CCOO de Galicia, en vista dos acontecementos desta última semana, queremos infomarvos do seguinte :

1º.- Tal e como sabedes, na última xuntanza da Mesa Negociadora en Madrid acordamos as catro centrais sindicais alí presentes dar unha resposta unitaria á provocadora proposta da patronal do sector de conxelar os salarios durante dous anos, o 2009 e o 2010. Así quedou reflexado na acta nº 6, e así quedou recollido no panfleto unitario que se sacou ao día seguinte. Nesa xuntanza quedamos en convocar asembleas no sector, e posteriormente planificar actuacións unitarias de protesta.

2º.- Para a nosa sorpresa, atopámonos con que dúas semanas despois aparece un panfleto asinado por UGT, USO e CCOO estatal, no cal se exclúe á CIG sen ningún motivo, e se planifican asembleas e mobilizacións sen consultar nos territorios. A maiores, e para máis cachondeo, propónse como data para realizar concentracións o martes 24 de febreiro, que como sabedes é festivo na maior parte dos concellos de Galicia. E UGT e USO en Galicia manifestan abertamente que non contan coa CIG para planificar as asembleas e as mobilizacións.

3º.- Desde a CIG e CCOO Galicia non podemos entender esta ruptura da unidade de acción sindical sen ningún motivo, que unicamente se pode entender desde o sectarismo que estes dous sindicatos (UGT e USO) practican. Nun momento como este, no cal está en xogo o futuro do sector, só a irresponsabilidade e pretender obter rendemento sindical explica unha actuación destas características.

4º.- A CIG e CCOO Galicia non toleramos estes claros intentos de dividir aos traballadores, nen participamos en paripés que non valen para conseguir variar a atitude da patronal. Nós imos seguir no que quedamos, e polo tanto imos convocar conxuntamente asembleas no sector, onde explicaremos a actual situación e as medidas a tomar. Propoñemos como datas de asembleas as seguintes :

- **Vigo : Martes 17 de febreiro, ás 11:00 e ás 17:30 horas no salón de actos do local da CIG, na rua Gregório Espino 47, entrechán.**
- **Lugo : Martes 17 de febreiro ás 11:00 e ás 17:30 horas no salón de actos do edificio sindical, na Ronda da Muralla nº 58.**
- **A Coruña : Mércores 18 de febreiro ás 11:00 e ás 17:30 horas no salón de actos do edificio sindical, na Avenida Alfonso Molina, s/n.**
- **Pontevedra : Mércores 18 de febreiro ás 11:00 e ás 17:30 horas no salón de actos do edificio sindical, na Rua Pasanteria, 1 baixo.**